

DEFINICIÓNS DE TERMOS

TEMA 3. A MONARQUÍA HISPÁNICA: A ÉPOCA DOS REIS CATÓLICOS E DOS AUSTRIAS (1474-1700)

Converso: Persoa que acepta unha crenza relixiosa ou ideoloxía diferente á que profesaba. Na España dos séculos XVI e XVII aplicábase especialmente aos musulmáns e xudeus que se convertían ao cristianismo, ben por convicción, ben por evitar persecucións. O aumento do número de conversos agravou o odio popular contra estes novos cristiáns, acusados de manter en segredo a súa fe (xudaizantes e mouriscos). Moitos deles foron vítimas do tribunal da Inquisición.

Terzos: Unidade militar de infantería, de ataque e defensa, formada por soldados profesionais, voluntarios ou de recrutamento, creada e sostida polos Habsburgo españois durante os séculos XVI e XVII. Loitaban combinando as armas brancas (picas, espadas) e as de fogo (arcabuces, mosquetes). Estaban distribuídos polos distintos reinos e provincias da Monarquía Hispánica, destacando, polo seu número e fama, os Terzos de Flandres.

Gran Armada: Gran flota formada por Felipe II en 1588 para desembarcar en Inglaterra e destronar á raíña protestante Isabel I. A Grande Armada partiu do porto de Lisboa e, tras recalar na Coruña, arribou ao Canal da Mancha, onde debía encontrarse e embarcar aos Terzos de Flandres para despois invadir Inglaterra. Os ataques ingleses e os temporais obrigaron ás naves a dar a volta rodeando as Illas Británicas. Nesa traxectoria moitos dos barcos naufragaron. Dos 130 navíos que partiron, regresaron 66 e dos 25.000 homes unicamente uns 10.000 puideron salvarse. Tras a derrota, os ingleses descualificárona como a *armada invencible*.

Mourisco: Musulmán obrigado a converterse ao cristianismo por orde dos monarcas en diferentes momentos: 1502 en Castela, 1518 en Aragón e 1526 en Valencia. A conversión forzosa significou a fin oficial da poboación musulmá en España, pero moitos deles continuaron mantendo a súa lingua, vestimentas e costumes, especialmente os que vivían no territorio do reconquistado reino de Granada; esta situación levou a que fosen expulsados de Granada en 1570 e de Aragón e Valencia en 1609.

Valido: Secretario real ao que o soberano outorgaba a súa confianza e a dirección do goberno do reino. En España, como noutros reinos europeos, a privanza xeneralizouse no século XVII, cando os monarcas abandonaron o exercicio directo do goberno. Entre os validos destacaron os Duques de Lerma e de Uceda no reinado de Felipe III, o Conde-Duque de Olivares e Luis de Haro no de Felipe IV e Fernando de Valenzuela e o Conde de Oropesa no de Carlos II.

Unión de Armas: Proxecto político elaborado en 1625 polo valido de Felipe IV, o Conde-Duque de Olivares, no que propoñía o reparto da carga militar e fiscal entre todos os reinos da Monarquía Hispánica (que ata entón recaía unicamente sobre Castela) a través da creación dun exército permanente de 140.000 soldados achegados por cada un dos reinos en función da súa poboación e riqueza. O proxecto suscitou unha forte oposición e fracasou pola rebelión de Cataluña e Portugal en 1640.

Xuntas do Reino de Galicia: Institución creada no século XVI que actuaba como portavoz das sete provincias de Galicia e, desde 1528, como representación do Reino de Galicia. Estaban formadas polos delegados dos concellos das cidades capitais das provincias e actuaban como un organismo intermediario entre o Reino de Galicia e a Coroa de España. Non tiñan funcións de goberno pero podían conceder diñeiros ao monarca, ordenar levas militares, distribuír cargas fiscais ou enviar informes e peticións ao rei. As Xuntas eran convocadas polo monarca, normalmente cando necesitaba aumentar impostos ou facer levas de soldados, e estaban presididas polo Capitán Xeral de Galicia.